

AS LEIS DO CAOS: FLUXO E MUTABILIDADE

A Ilya Prigogine

INESTABILIDADE. Pequenas modificacións amplifican o fenómeno colectivo da amalgama de culturas múltiples. A seta do tempo e a negación da permanencia. Fuga na bifurcación, na desorde dun universo entrópico. Disipación no non-equilibrio. Catástrofe na ruptura da simetría, da orde, da estrutura equilibrada e cristalina. Certeza do tránsito futuro. **Alometría.**

INCERTEZA (NO TRÁNSITO). Escolla e risco. Oportunidade na crise. Modificacións instantáneas da relación coa natureza e co tempo na sucesión de bifurcacións e fugas. Colisións e encontros de azar xenerando nubes de equilibrio magrittián. Verdade contra ilusión. **Brillar ou extinguirse.**

IRREVERSIBILIDADE (NO TEMPO). Dimensión existencial no rol constructivo do tempo. Condea da morte térmica. Irreversibilidade ficticia no eterno retorno das estacións, das xeracións, do frío. Tendencia clinal. Fluxo e mutabilidade. **Irreversibilidade= ignorancia.**

Corolario: A seta do tempo xenera estruturas disipativas, turbións de desorde, magmas en non-equilibrio. Fragmentación fulcral de xeometría variábel. Só o tempo na súa náusea infinita, na súa cachaza sen límites, pode **ordear a desorde.**

Xavier Queipo (Bruxelas, Xaneiro 2007)